
**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 4 DE XUÑO DE 2015,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN
PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Decreto polo que se conceden as Medallas Castelao 2015.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade dun tramo de 439 m da estrada provincial LU-P-4803 da Pontenova a Augaxosa, a prol do Concello da Pontenova.
- Decreto polo que se dispón o cesamento de Manuel Borobio Sanchiz como director do Instituto de Estudos do Territorio.
- Decreto polo que se nomea a Inés Santé Riveira como directora do Instituto de Estudos do Territorio.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se declara ben de interese cultural o Fondo bibliográfico e documental de Abanca Corporación Bancaria, S.A.

ACORDOS

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN
PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Acordo polo que se aproba a presentación da Guía de colaboración horizontal e se ordena a súa publicación e permanente actualización.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR



-
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Ministerio de Defensa e a Xunta de Galicia para a prevención de incendios forestais en Galicia durante a campaña 2015, por importe de cincocentos sesenta e nove mil cento noventa e cinco euros con vinte e nove céntimos (569.195,29 euros).

INFORMES

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe de situación dos servizos de interoperabilidade. Maio 2015.

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Informe sobre a Oficina Virtual Tributaria.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Informe sobre o Programa de financiamento empresarial Galicia 1000.



CARLOS FERNÁNDEZ-NÓVOA, VERÓNICA BOQUETE, PEPE DOMINGO CASTAÑO, VACA FILMS E A REDE GALEGA CONTRA A TRATA, GALARDOADOS COA MEDALLA CASTELAO 2015

▪ ***O Goberno galego aprobou hoxe o decreto polo que se concede esta distinción***

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o decreto polo que se concede a Medalla Castelao 2015, coa que a Administración autonómica distingue aqueles galegos e galegas autores dunha obra merecente do recoñecemento do seu pobo en calquera faceta da actividade humana.

O decreto aprobado hoxe acorda distinguir á futbolista Verónica Boquete, ao catedrático de Dereito Industrial, Carlos Fernández-Nóvoa, ao comunicador Pepe Domingo Castaño, á produtora cinematográfica Vaca Films e á Rede Galega contra a Trata.

CARLOS FERNÁNDEZ-NÓVOA

Carlos Fernández-Nóvoa naceu na Estrada en 1930. Licenciouse e doutorouse en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela (USC) *summa cum laude* e despois especializouse en Dereito Mercantil. En 1964 tomou posesión da cátedra desta disciplina na universidade compostelá, que ocuparía ata o ano 2000.

En 1964 obtivo por oposición, co número 1, a cátedra de Dereito Mercantil da Universidade de Santiago de Compostela.

No ano 1973, o profesor Fernández-Nóvoa, comezou a editar a revista *Actas de Derecho Industrial*, unha referencia no Dereito de Propiedade Industrial e Competencia Desleal e en 1974 creou o Instituto de Dereito Industrial da USC.

As súas obras sobre dereito de marcas, como *Fundamentos de derecho de marcas* (1984), *El sistema comunitario de marcas* (1995) ou *Jurisprudencia comunitaria sobre marcas* (2009) son unha referencia mundial no panorama do dereito comparado.

En 2010 foi nomeado doutor *honoris causa* pola Universidade de Alcalá de Henares, e en 2012 foi designado académico da Real Academia Española de Xurisprudencia e Lexislación. Un ano antes, en 2011, crérase a Cátedra de Innovación e Propiedade Industrial Carlos Fernández-Nóvoa, grazas ao pulo da Escola de Organización Industrial e a Oficina Española de Patentes e Marcas, organismos dependentes do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo.



VERÓNICA BOQUETE

Verónica Boquete naceu en Santiago de Compostela no 1987. A súa carreira como futbolista comezou nas categorías inferiores do club ribeirense Xuventú Aguiño. En 2005 fichou polo Prainsa Zaragoza, coa que debutou na Primeira División Feminina do fútbol español. Despois pasou ao Espanyol, onde foi subcampioa de liga e logrou dúas Copas da Raíña.

En 2010 saltou ao estranxeiro: xogou en Estados Unidos, en Rusia, en Suecia e, finalmente, en Alemaña, pois recalou en Frankfurt no 2012. Durante esta tempada fixo historia, ao ser a primeira española en ser candidata ao Balón de Ouro e tamén a primeira futbolista do noso país que se alza coa *Champions League* feminina. A próxima tempada xogará no Bayern de Múnic.

Ao longo da súa carreira conseguiu ser a máxima goleadora da liga española na tempada 2010/11 e a mellor xogadora da fase regular americana no 2011. A Secretaría Xeral para o Deporte recoñeceuna como a Mellor Deportista Feminina da tempada 2010/11.

PEPE DOMINGO CASTAÑO

Pepe Domingo Castaño é padronés do ano 1942. A súa dilatada traxectoria radiofónica arrancou en 1964, cando comezou a traballar en Radio Galicia ao tempo que era contable nunha empresa de curtidos de Padrón.

Dous anos máis tarde, decidiu probar sorte en Madrid, onde foi contratado pola emisora La Voz de Madrid. De aí pasaría a Radio Centro e desta emisora á Televisión Española.

Na cadea pública, Pepe Domingo Castaño conduciu programas como *Biblioteca Joven*, *A todo ritmo*, *Voces a 45* ou *El Gran Musical*. O seu traballo á fronte deste último programa valeríalle un premio Ondas en 1975. Paralelamente, foi desenvolvendo a súa carreira musical.

O seu último programa en TVE sería *300 millones*, despois do cal volveu á radio, á Cadena SER, para conducir emisións deportivas. A partir de 1988, o seu labor en *Carrusel Deportivo* converteuno nunha das voces máis recoñecibles das ondas españolas. Actualmente traballa no programa *Tiempo de Juego* da Cadena COPE.

VACA FILMS

Vaca Films nace a principios de 2003 como produtora cinematográfica con base en Galicia para desenvolver e producir proxectos destinados ao mercado nacional e con alta capacidade de internacionalización. Dirixida polos produtores Emma Lustres e Borja Pena,



—

forma parte dos principais foros do sector: FAPAE (Federación de Produtores), AEC (Asociación Estatal de Cine) e AGAPI (Asociación Galega de Produtores). Ademais, tanto Emma Lustres como Borja Pena son membros da Academia de Cine Español e da Academia de Cine Europeo, respectivamente.

A súa principal liña de traballo é a produción de longametraxes cinematográficos, tratando sempre de facer proxectos que poidan atraer un amplo público e que combinen calidade con éxito comercial. Vaca Films é unha empresa consolidada en España onde estableceu sinerxías con destacados creativos e empresas do sector; e estase asentando cada vez máis a nivel internacional.

Nestes anos produciu directores como Daniel Monzón, Daniel Calparsoro, Miguel Ángel Vivas, Dani de la Torre, Alejandro Marzoa, Manuel Martín Cuenca, Juan Calvo, Luís Avilés, Jesús Ponce, Isidro Ortiz, Clive Gordon e Rodrigo Plá. E está detrás de producións de éxito como *Celda 211* ou *El Niño*.

REDE GALEGA CONTRA A TRATA

A Rede Galega contra Trata está integrada por 11 entidades sen ánimo de lucro que desenvolven programas de atención a mulleres inmigrantes en situación de prostitución e/ou trata con fins de explotación sexual na Comunidade Autónoma de Galicia, coa finalidade de apoiar a recuperación e a integración social e laboral destas persoas.

Estas entidades son ACCEM, Adoratrices Ourense, Cáritas Lugo, Aliad-Utreira, Cáritas Ourense, Cáritas Santiago, Cruz Vermella, Ecos do Sur, Faraxa, Médicos do Mundo e Oblatas de Ferrol. Todas elas, cunha ampla experiencia no trato coas mulleres vítimas desta lacra social, para apoiar a recuperación e a integración social destas persoas.

En 2014 foron un total de 7.118 persoas atendidas por estas 11 ONG, que realizan labores de asesoramento, apoio e información respecto aos recursos sociais e xurídicos; de acompañamento para a realización de trámites administrativos e burocráticos; de creación de grupos de apoio; de capacitación de mediadoras sociais ou axentes de cambio; e tamén diversas actividades de socialización, educación, formación e integración.



O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA O CAMBIO DE TITULARIDADE A PROL DO CONCELLO DA PONTENOVA DUN TREITO DE 500 METROS DA RÚA DA FEIRA

- ***O Goberno galego exerce deste xeito a súa competencia de tramitación e dálle o visto e praxe á solicitude de transferencia formulada polo municipio á Deputación de Lugo***
- ***Trátase dun tramo da estrada LU-P 4803 que vai desde o núcleo da Pontenova a Augaxosa***
- ***A partir da entrega o Concello deberá modificar o seu catálogo de estradas e incluír o treito transferido***

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe o cambio de titularidade a prol do concello dun treito da estrada da Pontenova a Augaxosa. Trátase dun tramo da vía LU-P 4803 de pouco máis de 5000 metros, que vai dende o seu inicio (punto quilométrico 0+000) ao p.q. 0+439 e que discorre integramente por este concello da provincia de Lugo.

Deste xeito, a Consellería de Medio Ambiente exerce as súas competencias de tramitación e dálle o visto e praxe á solicitude de transferencia formulado polo municipio á Deputación de Lugo. A teor do previsto no artigo 9.4 da Lei 8/2013, de estradas de Galicia, os cambios de titularidade das estradas ou treitos delas, así como de elementos funcionais e espazos da zona de dominio público adxacente, como é o caso destas parcelas, deberán ser aprobados por decreto da Xunta, por proposta da consellería competente en estradas.

En aplicación dos puntos 4 e 6 do artigo 10 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, o Concello da Pontenova deberá modificar o seu catálogo de estradas para incluír o cambio de titularidade.

A entrega deste treito de estrada deberá formalizarse no prazo dos dous meses seguintes á publicación deste decreto no DOG, mediante a sinatura da correspondente acta de entrega.

Serán competencia do Concello da Pontenova, a partir da formalización da entrega, todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación dos terreos sobrantes, así como o exercicio das funcións de disciplina viaria e calquera outra que puidese corresponderlle como nova Administración titular dos terreos.



O CONSELLO DA XUNTA NOMEA A INÉS SANTÉ RIVEIRA DIRECTORA DO INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe o decreto polo que se dispón o nomeamento de Inés Santé Riveira como nova directora do Instituto de Estudos do Territorio, que accede ao cargo en substitución de Manuel Borobio Sanchiz, que o ocupaba desde abril do ano 2012.

Nada en Ferrol en 1976, Inés Santé Riveira posúe o título de doutora da Universidade de Santiago de Compostela, ademais dos de enxeñeira técnica agrícola e enxeñeira agrónoma da mesma universidade. Na súa formación destaca o Máster Universitario Internacional UNIGIS en Xestión de Sistemas de Información Xeográfica pola Universidade de Xirona.

Ata o momento e desde o ano 2009, Inés Santé Riveira viña exercendo como profesora contratada doutora da área de Enxeñería Cartográfica, Xeodésica e Fotogrametría do Departamento de Enxeñería Agroforestal da Universidade de Santiago, institución na que xa desempeñara antes labores docentes en calidade de interina e, previamente, de bolseira.

Da súa experiencia cabe sinalar tamén a súa tarefa como coordinadora do Máster en Xestión Sustentable da Terra e do Territorio da Universidade de Santiago, así como o seu labor de secretaria da Comisión Académica do Programa de Doutorando en Xestión Sustentable da Terra.

Trátase dunha investigadora e docente especializada na planificación urbana e do uso do solo no medio rural, así como nos sistemas de información xeográfica e nos modelos e técnicas de ordenación territorial.



A XUNTA DECLARA BEN DE INTERESE CULTURAL O FONDO BIBLIOGRÁFICO E DOCUMENTAL DE ABANCA

- ***Os 3.214 volumes que conforman o Fondo teñen un gran valor histórico e identitario para Galicia***
- ***A declaración BIC garante a máxima protección e establece as cautelas necesarias para a súa conservación e legado ás xeracións futuras***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se declara ben de interese cultural (BIC) o Fondo bibliográfico e documental de Abanca Corporación Bancaria, S.A., antes de Caixa Galicia. Trátase dun elemento fundamental do patrimonio galego tanto polo valor individual dalgunha das obras que reúne un total de 3.214 volumes, como, principalmente, polo valor histórico e documental que as devanditas obras supoñen como colección para a identidade do pobo galego. Tal como establece a Lei 8/1995, de patrimonio cultural de Galicia, a declaración de BIC garante a máxima protección e unidade para esta colección, e a súa utilización queda subordinada a que non se poñan en perigo os valores que aconsellan a súa conservación.

A declaración contou cos informes favorables da Facultade de Xeografía e Historia da Universidade de Santiago de Compostela e o Consello da Cultura Galega, que sinalaron a conveniencia de que a información que conteñen poida ser consultada por investigadores e público en xeral. O que xa está garantido en virtude da cesión deste fondo bibliográfico da corporación bancaria á Biblioteca de Galicia.

Descrición e importancia

O Fondo está constituído por 3.214 volumes e inclúe materiais libraríos e documentos. En concreto, componse de coleccións bibliográficas como os fondos de Economía, incunables, facsímiles e o Fondo histórico, así como dun Fondo documental de autógrafos, que, por tratarse de manuscritos non incluídos en series documentais, poden asociarse aos fondos bibliográficos, e que, en todo caso, deben considerarse como un fondo único.

Entre eles cómpre salientar os preto de cincocentos volumes antigos e recentes do ámbito económico desde o século XVI; unha colección de 257 documentos autógrafos de diversos personaxes e autores galegos da altura de Daniel Rodríguez Castelao, Wenceslao Fernández Flórez, Santiago Casares Quiroga ou José Filgueira Valverde; e unha valiosa recompilación de 66 incunables, obras anteriores ao ano 1500 ou dese ano, onde figuran impresos venecianos, de Roma, Florencia, Boloña; alemáns (de Núremberg, Maguncia, Reutinguen, Leipzig, Augsburgo); de Lión (Lugdunium), París e outras cidades, berces da cultura do libro europea e mundial.

Ademais, destaca o Fondo histórico, cun total de 2.350 volumes, que inclúe obras que van desde o século XVI ata principios do XX. Este fondo conta con abundantes obras do XVI e moitas do XVII, algunhas de gran valor, como o *Xenofonte* de Basilea, de 1545, un Ruscelli veneciano sobre a milicia, de 1583, ou o *Quixote* de Amberes, de 1697, así como multitude



de obras de Virxilio, Ovidio, Homero, Boecio, Duns Scoto, Xustino, Cicerón, Juan de Granada, Apiano, Dión Casio, San Atanasio e moitos outros, todas en sinaladas edicións.



A XUNTA CONTINÚA NA SENDA DA RACIONALIZACIÓN E O APROVEITAMENTO AO MÁXIMO DOS SEUS RECURSOS PÚBLICOS

- ***O Consello aprobou a ‘Guía de Colaboración Horizontal’, un novo instrumento que aclarará aos órganos do sector público autonómico como colaborar ente eles***
- ***Explica como formalizar as encomendas de xestión e os convenios con entidades locais coas máximas garantías xurídicas***
- ***A Guía foi elaborada polo propio persoal do corpo de letrados da Xunta de Galicia***

A Xunta deu luz verde á ‘Guía de Colaboración Pública Horizontal’, un novo instrumento que avanza na senda da autoprovisión e a racionalización do sector público autonómico. Esta guía, ademais de potenciar a colaboración entre os seus distintos organismos, acláralles como formalizar esta cooperación, e sobre todo, como facelo con plenas garantías xurídicas.

A guía desenvolve os mandatos da Lei de racionalización, que concibe o sector público autonómico como un todo e aproveita as posibilidades de cooperación e sinerxías entre os distintos departamentos para evitar duplicidades e gastos innecesarios.

Por iso introduce o principio da autoprovisión, inspirado polas directivas europeas, que consiste en aproveitar ao máximo os recursos propios, potenciando a colaboración entre os diferentes órganos para que uns non contraten fóra servizos que poden prestarlle os outros.

Doutra banda, o Goberno galego tamén aprobou en xuño do ano pasado un Plan de mellora da contratación pública destinado a dar desenvolvemento a todas as reformas no eido da contratación pública que viñan dadas pola Lei de racionalización.

En concreto, para implantar efectivamente o principio de autoprovisión, ese plan preveu como imprescindibles dous aspectos: aclararlle aos diferentes departamentos da Xunta cales son os servizos que poden reclamar doutros órganos e, en segundo lugar, aclararlle como poden formalizar esa colaboración con plenas garantías xurídicas.

O primeiro obxectivo cumpriuse o pasado novembro, coa aprobación dun catálogo de servizos susceptibles de autoprovisión, e hoxe, en consecuencia, avánzase no segundo deles: dar orientacións e seguridade xurídica para a formalización desa colaboración.

Elaborada polos letrados da Xunta

A Guía, que foi elaborada polo propio persoal do corpo de letrados da Xunta, explica os distintos mecanismos que están previstos na Lei de racionalización: os acordos de cooperación ou “encomendas de xestión”.

O seu obxectivo é aclarar todas as peculiaridades do procedemento administrativo para formalizar estes instrumentos e describir os requisitos para darlles seguridade xurídica.



Facilítase, por tanto, aos órganos da Xunta o coñecemento sobre cal é o instrumento máis axeitado para cada caso e detállanse os pasos para concretalos e oficializalos.

Ademais, o documento tamén entra a describir os pasos necesarios para outro tipo de instrumentos de colaboración. Por exemplo, os contratos conxuntos que se poden dar no caso de servizos que dous departamentos distintos necesiten contratar no sector privado.

A Lei de racionalización facilitou a posibilidade de que dous órganos distintos se fagan cargo dun mesmo contrato, de modo que cada un achegue a súa parte do pagamento desde o seu propio orzamento; evitando así as transferencias de crédito entre consellerías, que pola súa complexidade podían chegar a atascar este tipo de contratos conxuntos.

Doutra banda, a Guía dá unha explicación clara e concreta do procedemento de formalización de convenios coas entidades locais, despois dos cambios operados pola nova lexislación básica en materia de réxime local e pola lei de medidas urxentes que a adaptou á realidade galega.

En consecuencia, ofrécense aos órganos da Xunta unhas indicacións precisas da forma de proceder para actuar conforme a nova lexislación e poder seguir dando continuidade, con plena seguridade xurídica, aos servizos públicos que se ofertan a través desta modalidade de colaboración.



A XUNTA E O EXÉRCITO REFORZARÁN A VIXILANCIA, DISUASIÓN E DETECCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS NOS MONTES GALEGOS DURANTE A TEMPADA DE ALTO RISCO

- ***O Exército despregará 25 patrullas terrestres e un equipo de mantemento móbil na campaña de alto risco***
- ***A Consellería do Medio Rural e do Mar financiará o operativo cun orzamento superior aos 569.000 euros***

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e do Mar e o Ministerio de Defensa para reforzar a vixilancia nos montes galegos, co obxectivo de disuadir e reducir a actividade incendiaria mediante a incorporación de 25 patrullas terrestres e un equipo de mantemento móbil do Exército.

O Ministerio de Defensa levará a cabo os despregamentos operativos de patrullas terrestres -neste caso un total de 25- durante a campaña de alto risco de incendios forestais en Galicia, compostas por militares sobre vehículo. Este persoal sumarase ao dispositivo de loita contra incendios, que na tempada de alto risco acada os 7.000 efectivos despregados nos montes galegos.

Pola súa banda, a Consellería financiará o importe dos gastos que se produzan con motivo desta colaboración. O orzamento previsto para o recoñecemento, despregamento, actividade operativa e relevos da unidade das Forzas Armadas ascende a un total de 569.195 euros.

Con este convenio mellórase a eficacia na prevención, vixilancia e disuasión dos lumes, co que se contribúe a mellorar tamén a seguridade das persoas e os bens, así como a defender a riqueza forestal de Galicia.



O PORTAL DE INTEROPERABILIDADE DA XUNTA EVITOU A CIDADÁNS E EMPRESAS A PRESENTACIÓN DE 130.000 DOCUMENTOS ENTRE XANEIRO E ABRIL DE 2015

- ***PasaXe! permite o intercambio de información en liña entre as administracións e evita presentar documentos que consten en poder destas***
- ***Xa se poden consultar na plataforma 30 tipos de certificados como o de identidade, dependencia, datos catastrais, o imposto de actividades económicas, títulos universitarios ou a alta na Seguridade Social, entre outros***
- ***Este mes iníciase a posta á disposición do portal ás entidades locais, coa incorporación da Deputación da Coruña e os concellos de Abegondo e A Laracha***
- ***Estímase que cando se acade o millón de consultas, pasaXe! posibilitará un aforro de máis de 5 millóns de euros en cargas administrativas***

O Portal de Interoperabilidade PasaXe! rexistrou preto de 130.000 consultas no primeiro cuadrimestre de 2015, o que implica que evitou a petición de 130.000 documentos ou certificados a cidadáns e empresas para a realización de trámites administrativos.

Pasaxe! é a plataforma tecnolóxica que permite o intercambio de información entre as administracións, evitando ao cidadán achegar documentación que xa consta en poder delas, cumprindo así coa obrigas establecidas na Lei 11/2007, do 22 xuño de acceso electrónico dos cidadás aos servizos públicos. Ademais, reduce da documentación necesaria pra xestionar un expediente e unifica nun único punto as relacións con outras administracións.

Actualmente, PasaXe! permite consultar 30 tipos de certificados como o de identidade, dependencia, a renda, datos catastrais, estar ao corrente do pagamento das obrigas tributarias, datos catastrais, títulos universitarios, certificados de nacemento, matrimonio ou defunción ou a alta na Seguridade Social, entre outros. Son documentos achegados por 13 entidades distintas, ademais da propia Xunta, 11 organismos estatais (Ministerios de Educación, Facenda e Administracións Públicas, Dirección Xeral de Policía, Instituto Nacional da Seguridade Social....) e a Comunidade autónoma de Navarra.

Incorporación das entidades locais, novos servizos e marco normativo

Entre os seguintes fitos para consolidar o uso de PasaXe!, está a posta á disposición do portal as entidades locais. Neste mes de xuño incorporaranse a Deputación da Coruña e os concellos de Abegondo e A Laracha.

Ademais, está prevista a aprobación da Orde pola que se establecen as directrices de interoperabilidade para o intercambio de datos e se regula o nodo de interoperabilidade, que potenciará a incorporación de novos servizos da Administración autonómica á plataforma e. que facilitará o seu emprego por outras administracións.



En canto á ampliación dos servizos dispoñibles, no curto prazo incorporaranse os certificados de discapacidade e familia numerosa, así como dos documentos acreditativos de estar ao corrente nas débedas coa Axencia Tributaria Galega e de parella de feito.

Aforro

O impulso da interoperabilidade enmárcase nas medidas do Plan de Goberno e Administración Dixital 2015-2020 co obxectivo de acadar o millón de consultas en 2016, o que posibilitará un aforro de 5 millóns de euros pola redución de cargas administrativas.

A interoperabilidade entre as Administracións públicas é un elemento fundamental para consolidar unha Administración que acade a tramitación electrónica íntegra do procedemento administrativo.



A OFICINA VIRTUAL TRIBUTARIA DA XUNTA PERMITIU AFORRAR A CIDADÁNS E EMPRESAS MÁIS DE 30 MILLÓNS DE EUROS EN 2014

- ***O sistema telemático da Axencia Tributaria de Galicia recibiu o pasado ano máis de 2.000 accesos diarios a través da páxina web, un 11% máis que en 2013***
- ***Case dúas de cada tres autoliquidacións dos impostos xestionados pola Xunta preséntanse xa por internet***
- ***O 100% dos impostos xestionados pola ATRIGA poden presentarse por vía telemática as 24 horas do día os 365 días do ano***
- ***Dende 2009 tramitáronse 1,3 millóns de autoliquidacións a través da Oficina Virtual, o que permite aforrar trámites e tempo aos contribuíntes***
- ***En 2014 tramitáronse por internet 333.636 valoracións de bens, o que supón un 86% máis que hai seis anos***
- ***O uso da Administración electrónica no eido tributario reduce custos aos cidadáns, mellora a produtividade e eleva a transparencia cara ao contribuínte***

A Oficina Virtual Tributaria (OVT) da Xunta de Galicia permitiu aforrar a cidadáns e empresas máis de 30 millóns de euros en 2014, e o aforro total desde o ano 2009 elévase a 143 millóns. Ademais, este sistema telemático serviu para mellorar a produtividade na Administración e elevar a transparencia cara ao contribuínte, segundo reflicte un informe presentado hoxe no Consello da Xunta polo conselleiro de Facenda, Valeriano Martínez.

No 2014, a Oficina Virtual Tributaria recibiu un total de 747.329 accesos, o que representa un incremento do 11,5% respecto do ano anterior e do 45,6% dende 2009. Na actualidade, esta ferramenta telemática recibe máis de 2.000 accesos ao día, o que demostra o uso cada vez maior das novas tecnoloxías na presentacións dos impostos xestionados pola Xunta.

De feito, o 100% dos impostos xestionados pola Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA) poden presentarse xa por vía telemática, o que permite a calquera contribuínte realizar este trámite as 24 horas do día os 365 días do ano, e sempre coa máxima seguridade. Tamén se pode realizar por esta vía o pagamento de taxas, prezos, multas e sancións.

Segundo reflicte o informe, preto do 65% das autoliquidacións de impostos presentadas en 2014 foron a través da internet, mentres que as presentacións en papel se reduciron neste período ao 35%. Así, dúas de cada tres autoliquidacións preséntanse por Internet. Desde 2009 o peso dos trámites por vía telemática medrou en case 19 puntos, do mesmo xeito que se van reducindo as presentacións por papel.

En total, a Oficina Virtual Tributaria da ATRIGA recibiu o pasado ano 268.081 autoliquidacións por internet, e a cifra acumulada dende 2009 é de 1,3 millóns. Ademais, cidadáns e empresas tramitaron 333.636 valoracións de bens a través desta ferramenta, un 86% máis que hai seis anos.



Entre os servizos públicos electrónicos que ofrece a OVT figuran a confección e impresión de modelos de autoliquidación, a declaración e pagamento telemático de tributos e outros servizos xerais, como consultas, valoracións de bens inmoables, valoración de vehículos usados, verificacións de documentos ou certificacións.

Outro dos eidos de actuación deste mecanismo é a emisión electrónica de certificados de débedas. Así, a través da vía telemática, emítense certificados a terceiros para cumprir requisitos en solicitudes de axudas, subvencións ou contratos.

Galicia, pioneira na posta en marcha de servizos electrónicos

Galicia foi unha comunidade pioneira en ofrecer servizos públicos electrónicos aos cidadáns. Neste sentido, o progresivo desenvolvemento da Oficina Virtual Tributaria supón un importante aforro de tempo e de custos para a cidadanía, xa que a miúdo evita acudir presencialmente ás dependencias da Administración para realizar determinados trámites que agora se poden realizar desde o domicilio.

Ademais, a potenciación da vía telemática na tramitación de impostos tamén supón vantaxes para a propia Administración autonómica. Por exemplo, implica unha redución de cargas administrativas, unha maior transparencia na relación cos cidadáns, un aumento da produtividade, ou a ampliación das prestacións e mellora das relacións entre a Administración, a cidadanía e as empresas.



O PROGRAMA GALICIA 1000 INCREMENTA UN 50% O SEU ORZAMENTO PARA MOBILIZAR 300 MILLÓNS EN PROXECTOS DE PEMES GALEGAS

- ***Tras o éxito da primeira edición, a Xunta dá continuidade a un paquete integral para o que destina 75 millóns, que impulsarán 1.100 iniciativas, achegando financiamento adaptado ao tamaño, ás necesidades concretas e á situación de cada empresa***
- ***Priorízanse os investimentos de pemes e emprendedores, especialmente na industria, en sintonía coa Axenda da Competitividade - Galicia Industria 4.0***
- ***O programa comprende 5 ferramentas financeiras para que ningún proxecto viable quede sen desenvolver: fondos de capital risco, préstamos Jeremie e BEI, bonificacións de tipos de xuro e avais***
- ***Os préstamos BEI promoverán novos investimentos industriais e apoiarán o circulante para que as pemes gañen tamaño***
- ***Os Jeremie centraranse no financiamento das pequenas e medianas empresas, facilitando, con mellores condicións e prazos de amortización, a adquisición de equipos, naves e maquinaria industrial***
- ***O Galicia 1000 mobilizou no seu primeiro ano máis de 100 millóns en 946 proxectos que contribuíron ao mantemento ou xeración de 12.000 postos de traballo***

A Xunta de Galicia ten entre as prioridades da súa política económica o fortalecemento e mellora da capacidade de financiamento do tecido empresarial galego, en especial das súas pemes. Neste contexto, o Consello da Xunta coñeceu hoxe, tras o éxito da primeira edición, unha nova convocatoria do programa “Galicia 1000”. Este paquete integral busca achegar financiamento adaptado ao tamaño, ás necesidades concretas e á situación de cada empresa. Para acadar este obxectivo, increméntase un 50% o orzamento, sumando 75 millóns para financiar máis de 1.100 novas iniciativas empresariais que mobilizarán 300 millóns de euros.

A través deste investimento, o Goberno galego pretende consolidar os proxectos de emprendedores e pemes galegas; impulsar procesos de innovación e internacionalización; e facilitar a execución de novos investimentos de empresas en disposición de medrar e crear emprego, especialmente no sector industrial de acordo coa Axenda da Competitividade Galicia – Industria 4.0.

Neste contexto, o programa Galicia 1000 configúrase como un plan realista que busca axudar as pemes galegas no seu financiamento e facilitar o acceso ao crédito ofrecendo cinco ferramentas que se adaptan á situación financeira real de cada empresa: fondos de capital risco, préstamos Jeremie e BEI, bonificacións de tipos de xuro e avais.

O capital risco, primeiro destes instrumentos, suma 40 millóns encamiñados a reforzar o capital das pemes e potenciar que gañen tamaño. Un esforzo que se estende ao impulso de novos proxectos emprendedores, con especial énfase no emprendemento industrial e innovador, e á identificación de empresas tractoras que aposten pola innovación.

A través de préstamos chegarase tanto aos proxectos industrias das pequenas e medianas empresas como a iniciativas de maior envergadura. No primeiro caso farase cos Jeremie, que se centrarán en potenciar a competitividade de pemes e microempresas. Estes préstamos, dotados con 8 millóns de fondos europeos, promoverán novos investimentos en equipos, naves e maquinaria industrial facilitando a mellora no seu desempeño diario.

Para proxectos de maior contía, incorpórase a liña de préstamos do Banco Europeo de Investimentos (BEI) que, cun orzamento de 20 millóns de euros para o seu primeiro ano, contribuirá ao fortalecemento da industria galega e á proxección exterior das pemes. Os BEI facilitarán, dun lado, novos investimentos con capacidade para fixar tecido industrial en Galicia, con préstamos de ata 5 millóns e ata 12 anos promovidos, fundamentalmente por pemes industrias e empresas do sector da automoción. E, doutro, apoiarán o circulante para que as empresas fortalezan a súa estrutura financeira e gañen tamaño.

Para favorecer o emprendemento, especialmente na industria, en condicións máis vantaxosas e achegar liquidez para o desenvolvemento da actividade ordinaria, o Igape pon á disposición das pemes a bonificación de tipos de xuro, dos préstamos e microcréditos outorgados polas entidades financeiras, con 2 millóns de euros.

Por último, achegaranse 5 millóns para reforzar a solvencia do tecido produtivo avalando operacións de acceso ao circulante. O obxectivo é facilitar o financiamento bancario cara a impulsar o investimento empresarial e industrial.

Deste xeito, a Consellería de Economía e Industria, a través de Igape e Xesgalicia, segue a colaborar co empresariado galego para que ningún proxecto viable quede sen levarse a cabo por falta de apoio. O obxectivo é dar continuidade aos bos resultados que ten acadado xa o programa "Galicia 1000", mobilizando máis de 100 millóns de euros en 946 proxectos promovidos por pemes galegas, moitas delas microempresas, e contribuíndo ao mantemento ou xeración de 12.000 postos de traballo a través de proxectos que favorecen o emprendemento e a innovación, incrementando a competitividade empresarial.

